

Adaptación: **ANTONIO RUBIO**

Ilustracións: **ISIDRO FERRER**

Encadernado en cartón. 22x22 cm.

40 páxinas a toda cor.

Dispoñible en:

-Galego: "A merliña"

Os contos do Trasnó. ISBN 978-84-8464-173-5

-Castelán: "La mierlita"

Libros para Soñar. ISBN 978-84-8464-174-2


-Portugués: "A melrita"

Livros para Sonhar. ISBN 978-972-8781-96-5

-Italiano: "La merla"

Libri per sognare. ISBN 978-88-95933-10-8

Prezo: 13 €



A MERLIÑA

Había unha vez unha merliña que fixera o seu niño no alto dun carballo.

Acababa de ter cinco fillos e, moi alegre, cantaba:

¡Que contenta estou, que contenta estou, aos meus cinco merliños, comida lles dou!

Pero un día pasou por alí a raposa e díxolle...


"A merliña" é unha narración clásica recollida en La Vera de Plasencia (Extremadura). Pertence ao arquetipo dos contos de animais nos que vence a especie voadora fronte á terrestre. Evoca cuestións vitais como a loita pola supervivencia, e na súa estrutura destaca o ritmo das frases, o que converte este texto nunha canción que aínda pervive na zona da que é orixinaria.

A proposta plástica aúna sinxeleza e expresividade, concordando coa poética do texto: collages a base de papel e debuxos a lápiz crean os distintos escenarios e personaxes, que se complementan cos xogos tipográficos, e os tamaños, formas e cores das letras.

Este libro formou parte da exposición itinerante internacional "Listos para Ler. Deseño de libros en España", organizada pola Sociedade Estatal para o Desenvolvemento do Deseño e a Innovación (DDI).

ANTONIO RUBIO HERRERO (Toledo, 1953)

"Poeta e mestre, bibliófilo e amante do alfabeto", como el mesmo se define. Compaxina as facetas de docente e escritor, ademais de colaborar en distintos medios de comunicación. É especialista en animación á lectura. Imparte cursos e talleres para profesores



sobre poesía e literatura infantil e xuvenil. É autor do libro infantil "O poliño da abeileira", os cinco títulos da colección "Do berce á lúa" para pre-lectores, e o manual "7 llaves de cuento", editados por KALANDRAKA.

ISIDRO FERRER (Madrid, 1963)

Estudou Arte Dramática e foi actor de teatro de 1983 a 1987. Entre 1989 e 1990 traballou en Barcelona no estudo do grafista Peret. En 1991 fundou en Zaragoza o estudo de deseño Camaleón. Cinco anos despois trasladouse a Huesca, onde estableceu o seu propio estudo. Traballa en cartelismo, deseño editorial, ilustración, dirección artística de exposicións e series de animación para televisión.

Dende o ano 2000 pertence á Alianza Gráfica Internacional. A súa obra publicouse en Francia, Portugal e España. Tamén participou en exposicións individuais e colectivas celebradas en diversas cidades españolas, Portugal, Francia, Colombia, Bélxica, Arxentina e México. Recibiu o Premio Nacional de Deseño 2002 e o Premio Nacional de Ilustración 2006 polo seu traballo como ilustrador e grafista; o premio Lazarillo, un terceiro premio no XII Festival Internacional de Cartaces de Chaumont (Francia), un premio Promax Ouro de Animación para televisión (Canadá), dous premios AEPD e un Laus de Ilustración.

■ **Temática:** natureza, astucia

■ **Idade recomendada:** a partir de 4 anos

■ **Aspectos destacables:** conto de animais recollido en La Vera de Plasencia; reflexión sobre a disxuntiva 'comer ou ser comido'; supervivencia; obra seleccionada para a exposición "Listos para Leer" da Sociedade Estatal DDI